<table>
<tr><th colspan="4">Subordinadas substantivas</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Funcións da oración</td><td colspan="2">A nivel da oración</td><td>SUX → Fumar provoca problemas de saúde/ Gústame que veñas<br>CD →Sinto estar tan ausente/ Pídoche que me desculpes<br>ATRIBUTO → O problema é gañar o partido/ A súa ilusión era que os seus fillos fosen felices.</td></tr>
<tr><td colspan="2">A nivel sintagmático</td><td>TERMO→ Confío en que entendades isto.</td></tr>
<tr><td rowspan="8">INTRODUCIDAS POR…<br><br>(Función do nexo)</td><td colspan="3">QUE / SE : Sen función sintáctica<br>Rumoréase que mañá marcha./ Preguntoume se quería máis té.</td></tr>
<tr><td rowspan="7">Interrogativas indirectas</td><td>QUE</td><td>CD → Non recorda que facían os alumnos<br>DETERMINANTE→ Dime que libros lestes.</td></tr>
<tr><td>QUEN</td><td>SUX→ Preguntoume quen virá mañá.</td></tr>
<tr><td>CAL</td><td>SUXEITO→ Dime cal é a orixe do problema.</td></tr>
<tr><td>CANTO</td><td>CCCantidade→Explícame canto pode custar unha casa nova.<br>DETERMINANTE: Preguntoume cantos libros lera durante as vacacións.</td></tr>
<tr><td>COMO</td><td>CCModo→ Non sei como o fixeches..</td></tr>
<tr><td>ONDE</td><td>CCLugar→ Quería saber onde estaba seu pai.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | **INFINITIVO**: Gústalle ***saír*** *de noite.* |
| ***SUBSTITUÍBLES POR*** | **1. Demostrativos neutros** (isto, iso, aquilo) → *Gústalle* ***saír de noite*** > Gústalle ***iso***<br>**2. Un sintagma nominal** (esas/ estas/ aquelas cousas)→ *Explícame* ***canto*** *pode custar unha casa nova* > *Explícame* ***esas cousas.***<br>**3. Pronome persoal átono** → *Non sei* ***como o fixeches*** > Non ***o*** sei. |